



En cumprimento do disposto no artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade sobre o *Anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas*.

O conxunto de medidas incluídas nesta lei afecta a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma que contén medidas de natureza tributaria, se ben se incorporan tamén outras de carácter e natureza administrativa.

A competencia para a regulación dos aspectos fiscais, recollidos no título I, está atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto no artigo 150.1 da Constitución e na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

En canto á estrutura da lei, esta se divide en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos, mentres que o capítulo II regula aspectos dos tributos propios.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en catorce capítulos.

O capítulo I contempla medidas en materia de emprego público. No capítulo II se introducen modificacións nos artigos do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, relativos á Conta Xeral da Comunidade Autónoma coa finalidade fundamental da súa adaptación á regulación do sector público autonómico contida na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O capítulo III contempla medidas en materia de medio ambiente e territorio. O capítulo IV recolle medidas en materia de medio rural e o capítulo V sobre infraestruturas e mobilidade.



No capítulo VI se contemplan modificacións puntuais da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. O capítulo VII, en materia de política social, contén modificacións de varias disposicións normativas.

No capítulo VIII se inclúen medidas en materia de economía e emprego e no capítulo IX en materia de cultura e turismo.

No capítulo X se recolle unha previsión dirixida a garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte escolar ante a eventualidade de que, ao vencemento dos contratos existentes, non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación.

No capítulo XI se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para introducir nela unha nova disposición adicional reguladora dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia. No capítulo XII se introduce unha medida en materia de protección civil.

No capítulo XIII se modifica a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. O último capítulo, o XIV, contempla dúas modificacións puntuais: na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, coa finalidade de recoller de xeito expreso os supostos de informe preceptivo da Asesoría Xurídica da Xunta en materia de contratación do sector público, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, co fin de incluír na dita lei unha regra relativa á actualización de modelos normalizados, na liña da que se contida no artigo 33 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por último, na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

Respecto á tramitación do anteproxecto de lei, de acordo co artigo 1 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, a esta lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de Autonomía.

Na medida en que o anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas se concibe como un instrumento complementario da futura lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020, a norma analizada elaborouse pola Consellería de Facenda, se ben co contido proposto polas consellerías competentes en relación a cada materia que se regula.



O anteproxecto de lei conta cunha memoria xustificativa e económica e co informe de impacto de xénero, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro. Tamén dispón do informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, segundo establece o artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro.

Así mesmo, conta co informe da Asesoría Xurídica Xeral, en cumprimento do artigo 8.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior. No expediente se inclúe tamén unha memoria xustificativa da non necesidade de solicitar o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

De acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o anteproxecto de lei de referencia, ó estimar que queda garantida a legalidade da disposición.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio



M^{ra} del Socorro Martín Hierro